



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 10 de outubro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Castroverde. (expediente IN407A 2019-35AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2 Velle - Ourense
- Denominación: "CT, LUGAR SAN PAIO DE ARCOS (CASTROVERDE)"
- Situación: concello de Castroverde
- Características técnicas:

Substitución do transformador existente (50 KVA) no CT 27C512 Sampaio por outro de 100KVA e relación de transformación de 20.000/400-230V, realízase tamén un foso de recollida de aceite e a ampliación das ventilacións existentes.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 10 de outubro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 3192

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 21 de outubro de 2019 o expediente de modificación de créditos número 16/2019, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 27.000 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde – Presidente deste Concello.

Baralla, 22 de outubro de 2019.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 3195

BARREIROS

Anuncio

Visto o disposto na Resolución de 16 de Marzo de 2015, pola que se publica a Resolución de 30 de xaneiro de 2015, na que se dictan instrucións técnicas ós Concellos sobre xestión do Padrón Municipal, así como de conformidade co establecido no artigo 72 do Regulamento de Población e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado polo R.D. 1690/1986, de 11 xullo, na redacción dada polo R.D. 2612/1996, de 20 de Decembro, procederáse a realizar a baixa de oficio nos seguintes termos: *“os Concellos darán de baixa de oficio, por inscrición indebida, a quenes figuren empadroados incumplindo os requisitos establecidos no artigo 54 deste Regulamento.”*

Visto, que se notifica, a comprobación de residencia así como o inicio do expediente de baixa de oficio do cidadán con número identificación Y03460222R con motivo da comprobación de residencia por parte de este organismo, debido a que se comproba que podería non residir no mesmo.

Visto que nas dúas notificacións enviadas ó seu domicilio coñecido a medio de cartas certificadas con acuses de recibo, foron recollidas por un familiar. Visto que o habitante non acode ó Concello no prazo dado para comparecer, e unha vez notificado nos propios documentos enviados.

Tendo en conta o disposto no artigo 44 da Ley 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación, o medio o que se refire o punto 1 desde artigo, ou ben intentada a súa notificación, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no BOE”*,

RESOLVO:

Primeiro.- Acordar a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, así coma no Boletín Oficial do Estado, abrindo un novo período de 15 días hábiles para a presentación das alegacións e presentación dos documentos e xustificacións que estime oportunos co fin de acreditar a súa situación.

Segundo.- Notificar, segundo o establecido na Resolución de 16 de Marzo de 2015, no seu apartado 5, punto 5.5.4.1, no que se establece :” *nos casos nos que os interesados manifesten a súa disconformidade coa baixa, ou non efectúen alegación algunha, unha vez transcorrido o prazo sinalado ó efecto, e en todo caso, cando o cidadán non figure empadroadado en ningún municipio, a baixa só poderá levarse a cabo co informe favorable do Consello de Empadronamento” polo que, unha vez transcorrido o período de alegacións, remitirase o Consello de Empadronamento, toda a documentación que consta no expediente, con fin de que se emita informe favorable para realizar a baixa de oficio, do habitante con número de identificación Y03460222R.*

Barreiros, 21 de OUTUBRO de 2019.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3193

Anuncio

Visto o disposto na Resolución de 16 de Marzo de 2015, pola que se publica a Resolución de 30 de xaneiro de 2015, na que se dictan instrucións técnicas ós Concellos sobre xestión do Padrón Municipal, así como de conformidade co establecido no artigo 72 do Regulamento de Población e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado polo R.D. 1690/1986, de 11 xullo, na redacción dada polo R.D. 2612/1996, de 20 de Decembro, procederáse a realizar a baixa de oficio nos seguintes termos: *“os Concellos darán de baixa de oficio, por*

inscripción indebida, a quenes figuren empadroados incumplindo os requisitos establecidos no artigo 54 deste Regulamento.”

Visto, que se notifica, a comprobación de residencia así como o inicio do expediente de baixa de oficio do cidadán con número identificación Y03480625A con motivo da comprobación de residencia por parte de este organismo, debido a que se comproba que podería non residir no mesmo.

Visto que nas dúas notificacións enviadas ó seu domicilio coñecido a medio de cartas certificadas con acuses de recibo, foron devoltas, con motivo: *descoñecido*. Visto que o habitante non acode ó Concello no prazo dado para comparecer, e unha vez notificado nos propios documentos enviados.

Tendo en conta o disposto no artigo 44 da Ley 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación, o medio o que se refire o punto 1 desde artigo, ou ben intentada a súa notificación, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no BOE”*,

RESOLVO:

Primeiro.- Acordar a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, así coma no Boletín Oficial do Estado, abrindo un novo período de 15 días hábiles para a presentación das alegacións e presentación dos documentos e xustificacións que estime oportunos co fin de acreditar a súa situación.

Segundo.- Notificar, segundo o establecido na Resolución de 16 de Marzo de 2015, no seu apartado 5, punto 5.5.4.1, no que se establece :*“ nos casos nos que os interesados manifesten a súa disconformidade coa baixa, ou non efectúen alegación algunha, unha vez transcorrido o prazo sinalado ó efecto, e en todo caso, cando o cidadán non figure empadroado en ningún municipio, a baixa só poderá levarse a cabo có informe favorable do Consello de Empadronamento” polo que*, unha vez transcorrido o período de alegacións, remitirase o Consello de Empadronamento, toda a documentación que consta no expediente, con fin de que se emita informe favorable para realizar a baixa de oficio, do habitante con número de identificación Y03480625A.

Barreiros, 21 de OUTUBRO de 2019.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3194

BEGONTE

Anuncio

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 22 de outubro de 2019, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 22 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3196

Anuncio

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 22 de outubro de 2019, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida Domiciliaria e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos ; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 22 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3197

COSPEITO

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo a baixas en créditos doutras aplicacións.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 30 de setembro de 2019, de suplemento de crédito financiado con cargo a baixas en créditos doutras aplicacións.

Alta en aplicación de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	46700	A CONSORCIOS	1.000,00	70.000	71.000
		TOTAL	1.000,00	70.000	71.000

Baixas ou anulacións en concepto de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito dispoñible	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica					
943	46300	A MANCOMUNIDADE	100.000	96.763,56	70.000,00	26.763,56
		TOTAL BAIXAS			70.000,00	

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos., que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 25 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 3247

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo a baixas en créditos doutras aplicacións.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 30 de setembro de 2019, de suplemento de crédito financiado con cargo a baixas en créditos doutras aplicacións.

Alta en aplicación de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	46700	A CONSORCIOS	1.000,00	70.000	71.000
		TOTAL	1.000,00	70.000	71.000

Baixas ou anulacións en concepto de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito dispoñible	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica					
943	46300	A MANCOMUNIDADE	100.000	96.763,56	70.000,00	26.763,56
		TOTAL BAIXAS			70.000,00	

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos., que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 25 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 3248

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba o expediente de modificación de créditos n.º 1/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 30 de setembro de 2019, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

1. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
160	22100	ENERXÍA ELÉCTRICA	7.000,00	18.000,00	25.000,00
324	22100	ENERXIE ELÉCTRICA	18.000,00	39.000,00	57.000,00
323	62500	INVERSIONES EN MOBILIARIO Y ENSERES	0,00	3.500,00	3.500,00
453	22300	TRANSPORTES	0,00	10.685,98	10.865,98
161	60900	OTRAS INVERSIONES	63.348,89	27.000,00	90.348,89
		SUMA TOTAL	88.348,89	98,185.98	186.534,87

2. Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	12005	SUELDOS DEL GRUPO E	16.096,81	-16.096,81	0,00
161	12100	COMPLEMENTO DESTINO	6.315,87	-6.315,87	0,00
161	12101	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	9.670,98	-9.670,98	0,00
161	16000	SEGURIDAD SOCIAL	11.100,00	-5.000,00	6.100,00
920	12004	SUELDOS GRUPO C2	18.233,60	-18.233,60	0,00
920	12100	COMPLEMENTO DE DESTINO	37.429,77	-9.810,72	27.619,05
920	12101	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	60.977,75	-10.058,00	50.919,75
920	16000	SEGURIDAD SOCIAL	32.733,93	-3.000,00	29.733,93
925	62400	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	25.000,00	-20.000,00	5.000,00
TOTAL			217.558,71	-98.185,98	119.372,73

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 25 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 3249

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 09 de outubro de 2019, adoptou entre outros o acordo 18/636 delegar as competencias no Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación **do ALUMEADO ORNAMENTAL DE NADAL 2019-2020, OUTROS CONTRATOS QUE SE CELEBREN ASI COMO PROCEDIMENTOS DE AUTORIZACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO RELAIIVOS ÁS FESTAS DE NADAL 2019-2020**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 22 de outubro de 2019.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 3198

Anuncio

Á Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo 18/594 **APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, co seguinte contido:

“Dada a escasa regulación das bolsas de traballo existentes no Excmo. Concello de Lugo, coa consecuente falta dun marco común que permita unha maior transparencia e obxectividade no seu deseño e xestión.

Así mesmo, a escaseza de persoal nos servizos municipais e a existencia de listas con máis de 10 anos de funcionamento fan necesaria unha configuración actualizada e áxil que permita cubrir as necesidades urxentes e inaprazables que xurdan.

O Real decreto lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime local, establece no artigo 133 que o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local se axustará á lexislación básica do Estado sobre función pública, e se establecerá tendo en conta a conexión entre o tipo de probas para superar e a adecuación aos postos de traballo que se desempeñen, incluíndo para tal efecto as probas prácticas que sexan precisas. Serán aplicables as normas desta lei e as que dite o Estado en uso das autorizacións contidas no artigo 98.1 e 100.2 da Lei 7/1985; no non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na función pública estableza a respectiva comunidade autónoma e, supletoriamente, o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Estatuto básico do empregado público sinala en canto á selección dos funcionarios interinos que se realizará mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En canto ao procedemento de selección do persoal laboral temporal, tendo en conta o principio de separación de actos, rexeráse polas normas de dereito público.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia no seu artigo 24 regula a adquisición e perda da condición de persoal funcionario interino sinalando que a selección do persoal funcionario interino se realizará mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència.

No mesmo sentido, o artigo 27 do R. d. 364/1995 establece en canto a selección e nomeamento do persoal interino que o nomeamento do persoal funcionario se efectuará, de acordo cos principios de mérito e capacidade, e o procedemento deberá posibilitar a máxima axilidade na selección, en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina a estes a funcionarios de carreira. Igualmente, no seu artigo 35 para o persoal laboral temporal sinala que os contratos se celebrarán conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustaranse ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que determine o Ministerio para as Administracións Públicas.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario o establecemento dunhas regras básicas de xestión das distintas contratacións e nomeamentos temporais que poidan realizarse neste Concello, que conxuguen a necesaria axilidade na súa xestión con respecto aos citados principios reguladores do acceso ao emprego público, contribuíndo así a alcanzar os obxectivos de eficacia e eficiencia na prestación de servizos que o Concello realiza.

PRIMEIRA.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.- **Obxecto.-** Estas bases teñen por obxecto a regulación do funcionamento das bolsas de traballo existentes e as que se creen para a cobertura das necesidades de contratacións temporais ou nomeamentos de funcionarios/as interinos/as, de persoal do Concello de Lugo.

2.- **Ámbito de aplicación.-** En concreto, regúlase o funcionamento das bolsas de traballo para a cobertura de necesidades de persoal nos seguintes supostos:

a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios/as de carreira (funcionarios/as interinos/as) ou persoal laboral fixo (contratos de interinidade)

b) A substitución transitoria dos/as titulares con dereito a reserva do posto de traballo, en cuxo caso deberá especificarse o nome do/a substituído/a e a causa de substitución (funcionarios/as interinos/as ou contratos de interinidade). Continuarase co nomeado/a ou contratado/a ata a incorporación do/a titular ou cando pase da situación de incapacidade temporal a absoluta, total ou grande invalidez ou da situación en activo a calquera outra situación administrativa. A duración máxima será de 18 meses

c) A execución de programas de carácter temporal por persoal interino, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, prorrogables segundo as normas da función pública e que respondan a necesidades non permanentes da Administración.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por persoal interino e por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

e) A contratación de traballadores/as en réxime laboral para a realización dunha obra ou servizo determinados, con autonomía e substantividade propia e cuxa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta. Estes contratos non poderán ter unha duración superior a tres anos.

f) A contratación de traballadores/as en réxime laboral cando as circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos así o esixan, aínda tratándose da actividade normal do Concello. Estes contratos poderán ter unha duración máxima de seis meses, dentro dun período de doce meses, contados a partir do momento en que se produzan as ditas causas.

En caso de que o contrato se concertara por unha duración inferior á máxima legal, poderá prorrogarse mediante acordo das partes, por unha única vez, sen que a duración total do contrato poda exceder da dita duración máxima.

3.- **Exclusión.-** Exceptúase da aplicación destas bases a contratación do persoal dentro das convocatorias específicas que se efectúen en razón de convenios subscritos polo Concello coa Xunta de Galicia e outras entidades públicas ou subvencións concedidas ao abeiro de ordes e normativa específica.

SEGUNDA.- CREACIÓN DAS BOLSAS DE TRABAJO

1.- As bolsas de traballo crearanse como consecuencia de:

a) A realización das “*probos selectivos*” para o acceso á función pública no Concello de Lugo ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo.

Constituirase unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio.

Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data se constituía unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dun proceso selectivo ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urxencia e necesidade debidamente acreditada no expediente

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira.

b) A realización de “*convocatorias específicas por concurso*” para a constitución de bolsas de traballo, nas escalas e especialidades que se estimen convenientes e sen prexuízo de que xa existan bolsas de traballo formadas polo sistema disposto no apartado anterior.

En calquera caso, os candidatos que formen parte das bolsas a que se refire o apartado anterior terán prioridade sobre os que constituían as bolsas que se formen mediante convocatoria pública específica.

Esta bolsa unicamente se usará para a cobertura interina ou temporal nos supostos sinalados nos apartados b), d), f) da base primeira, coa xustificación debida da súa necesidade.

Nas convocatorias que se realicen para a constitución de bolsas de traballo, os/as aspirantes deberán reunir as condicións xerais esixibles para participar nas probas de acceso ás correspondentes prazas de funcionarios, ou para o ingreso como persoal laboral fixo das correspondentes categorías e especialidades, así como os requisitos que figuren la relación de postos de traballo, se é o caso.

Estas bolsas serán actualizadas anualmente conforme á base sexta.

c) Poderá constituírse, en casos de urxencia e por situacións extraordinarias, “*Bolsas de traballo transitorias*” cos/as aspirantes que superaran o primeiro exercicio da oposición no marco do procedemento selectivo en curso, sen prexuízo da continuidade do proceso selectivo.

As bolsas de traballo constituídas ao amparo deste apartado terán carácter provisional e serán substituídas polas bolsas de traballo que se constituían unha vez finalizado o proceso selectivo en curso.

Esta bolsa unicamente se usará para a cobertura interina ou temporal nos supostos sinalados nos apartados b), d), f) da base primeira, e os nomeados/as ou contratados/as continuarán prestando o servizo ata a finalización da causa que deu orixe aínda que se aprobara durante a prestación de servizos a lista definitiva.

2.- Cando a denominación e funcións dalgunha escala ou especialidade de funcionario coincida coa dalgunha categoría e especialidade de persoal laboral, soamente se constituirá unha bolsa de traballo coa condición laboral ou funcional que resulte da aplicación da lexislación en materia de recursos humanos, en tanto en canto non se proceda á funcionarización no Concello de Lugo.

TERCEIRA.- SITUACIÓNS

As persoas que se atopen inscritas nas bolsas de traballo poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

a) “DISPONIBLE”

Situacións desde a que o/a integrante da bolsa pode recibir o chamamento de oferta de contratación laboral ou nomeamento funcionario interino/a.

b) “OCUPADO/A”

Situación que indica que se atopa prestando servizos no Concello de Lugo no mesmo posto que é obxecto da bolsa.

O cambio da situación de dispoñible a ocupado e viceversa realizarao de oficio o responsable da xestión das bolsas.

c) “SUSPENSO/A XUSTIFICADO/A” E “SUSPENSO/A PENDENTE DE XUSTIFICAR”

O integrante da bolsa atóparase na situación de “suspense/a xustificado/a” cando se acreditara documentalmente algunha das causas de xustificación que se indican a continuación, e se atópan en situación de “suspense/a pendente de xustificar” durante o tempo concedido para a acreditación da dita circunstancia.

O/A interesado/a mentres se atope nalgunha destas situacións non será requirido para novas ofertas.

As causas que xustifican o rexeitamento dunha oferta de contrato ou nomeamento de funcionario/a interino/a son as seguintes:

- 1.- Por razón de enfermidade que lle impida o desempeño do traballo ao momento do chamamento. Esta situación xustificarase mediante a achega da correspondente baixa médica ou certificación oficial do médico de familia.
- 2.- Por maternidade, paternidade ou adopción ou acollemento, durante o tempo que legalmente corresponda. Esta situación xustificarase con fotocopia do libro de familia ou se non informe médico.
- 3.- Por atoparse en alta no réxime xeral da Seguridade Social ou en calquera dos seus réximes especiais no momento do chamamento ou iniciar tal prestación dentro do mes seguinte á data de inicio do contrato ou nomeamento ofertado. Esta situación xustificarase coa vida laboral actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificado de servizos prestados emitido por Administración pública, ou copia do contrato ou nomeamento.
- 4.- Por ser coidador/a principal de persoal dependente. Esta situación xustificarase por medio de documentación acreditativa de tal condición.
- 5.- Por matrimonio ou parella de feito. Durante o prazo de trinta días naturais dende a data de matrimonio ou realización de parella de feito non se realizarán ofertas de traballo, salvo que manifeste por escrito pasar a situación de “dispoñible” antes da finalización deste período. A dita situación xustificarase con fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento acreditativo.
- 6.- Por exercer cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Alegado polo/a integrante da bolsa algunha das causas indicadas, tal circunstancia anotarase no rexistro correspondente e deixarase constancia desta, da data do chamamento e de que se informou ao/á integrante de que desde ese momento pasa a situación de “suspense/a pendente de xustificar”, e daráselle lectura do parágrafo seguinte, o cal lle será igualmente remitido por correo electrónico á dirección que conste no expediente:

“Ao comunicar ao servizo de persoal do Concello de Lugo de que se dá unha das causas que xustifican o rexeitamento a unha oferta de traballo, se lle informa de que dispón do prazo de un mes a contar desde mañá día, é dicir, ata o día de de, para presentar a documentación necesaria segundo o disposto nas bases xerais de creación e funcionamento das bolsas de traballo do Concello de Lugo; a dita documentación deberá remitirse por calquera dos seguintes medios:

- A través da sede electrónica cando estea dispoñible.
- A través de calquera das oficinas de rexistro de calquera Administración pública.

Presentada a documentación en prazo e de ser esta correcta, pasará a situación de “suspense/a xustificado”, debendo Vde. solicitar a esta Administración, polos mesmos medios indicados, o pase á situación de “dispoñible” unha vez cese o motivo que dá lugar a situación de suspense.

Se transcorrer o prazo indicado dun mes sen que se presentara a documentación necesaria, excluiráselle da citada bolsa”

Así mesmo, encontraranse na situación de “suspense xustificado” os seguintes:

- a) Aqueles/as traballadores/as do Concello de Lugo que renuncien ao seu contrato/nomeamento, respecto da bolsa da que derive o dito contrato/nomeamento, e pasen a desempeñar servizos noutra Administración ou subscriban contrato laboral con outra entidade/empresa; tal aspecto deberá xustificarse mediante copia do nomeamento ou contrato laboral.
- b) Aqueles/as integrantes das bolsas que estivesen cumprindo unha sanción de suspensión firme de funcións ou de emprego e soldo (no caso de persoal laboral) durante o tempo que dure a suspensión.
- c) Aqueles integrantes das bolsas que non superasen o recoñecemento médico, dende o dito momento e ata que o traballador presente certificado médico oficial que acredite a capacidade para o desempeño do posto.

O cambio de situación de “suspense/a xustificado” a “dispoñible” realizarase a instancia do/a integrante da bolsa, condicionada se é o caso á súa xustificación documental.

d) “EXCLUÍDO”

Situación que comportará a exclusión definitiva do/a aspirante da bolsa de traballo e que se producirá por algunha das seguintes causas:

- 1.- Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo
- 2.- Non cumprir cos requisitos de xustificación establecidas nestas bases
- 3.- Separación ou despido do servizo mediante expediente disciplinario

4.- Toda renuncia voluntaria ou ruptura da relación laboral temporal ou funcionarial interina co Concello de Lugo, se é o caso, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento de oferta e que dan lugar á situación de “suspense/ xustificado”

5.- Demais causas previstas nestas bases.

e) ILOCALIZABLE

Situación na que se atoparían aqueles integrantes da bolsa que non fora posible localizalos pola Administración conforme ao regulado na base quinta para os chamamentos dos/as aspirantes. O/A interesado/a en situación de “ilocalizable” non será chamado/a para novas ofertas ata que non cambie a súa situación a “dispoñible”.

CUARTA.- ORDE DE PRELACIÓN

1.- Orde de prelación

A orde de prelación dos/as aspirantes nas bolsas de traballo será a seguinte:

1º.- Na bolsa referida na base 2.1.a) resultante do proceso selectivo terase en conta primeiramente o maior número de exercicios aprobados. A igualdade de exercicios aprobados, maior puntuación na suma dos exercicios aprobados. A igualdade de puntuación total, terase en conta a maior nota do primeiro exercicio e así sucesivamente ata o desempate. De persistir o empate, procederase ao sorteo público.

2º.- Na bolsa referida na base 2.1.b) resultante de convocatorias específicas para a constitución de bolsas de traballo, terase en conta a maior puntuación total. En caso de empate, a maior nota seguindo as epígrafes do baremo de méritos e de persistir empate, procederase ao sorteo público.

3º.- Na bolsa referida na base 2.1.c) de carácter transitorio, terase en conta a nota do primeiro exercicio, e en caso de empate seguirase a orde do primeiro apelido que empece pola letra resultante do sorteo público que rexe a orde de actuación dos aspirantes no momento de constitución da bolsa.

2.- Chamamentos

Realizaranse os chamamentos atendendo á orde da bolsa, tendo en conta o seguinte:

1º.- Os chamamentos seguirán a orde da bolsa para calquera tipo de oferta e a quen se atopen en situación de “dispoñibles”.

2º.- As bolsas son independentes unhas doutras.

3º.- Terán a consideración de “mellora de emprego” os seguintes:

1.- Os nomeamentos para a execución de programas de carácter temporal do artigo 10 TREBEP cando teñan unha duración igual ou superior a un ano.

2.- As contratacións para a execución de proxectos con autonomía propia que teñan unha duración igual ou superior a un ano.

3.- A cobertura interina por praza vacante.

Tendo en conta o anterior:

a) Unha vez finalizado o contrato ou producido o cesamento, o/a integrante da bolsa volverá estar dispoñible no seu lugar na bolsa.

b) No caso de contratos/nomeamentos que teñan a consideración de “mellora de emprego”, esta ofertarase, pola súa orde, a aqueles que estean tanto en situación de “dispoñibles” ou “ocupados” que non estean desempeñando ningún posto dos sinalados como mellora de emprego e aos que se atopen en situación de “suspense xustificado”.

c) Os que se atopen en situación de “suspense xustificado” cando pasen á situación de “dispoñible” ocuparán o seu lugar na bolsa.

QUINTA.- CHAMAMENTOS A ASPIRANTES

As ofertas realizadas terán o carácter de propostas, e non xerarán dereitos de ningunha índole, e poderán quedar sen efectos, en caso de que desaparezan as razóns de necesidade que as motivaron.

As ofertas realizaranse mediante chamamentos telefónicos aos números que figuran na solicitude do interesado á bolsa que corresponda. O departamento encargado da xestión das bolsas de traballo realizará tres chamadas cun intervalo de dúas horas entre cada unha delas, e remitirá un *sms* cada unha das veces se non se puidese localizar ao interesado/a. De constar unha dirección de correo electrónico, remitiráselle a oferta e concederáselle un prazo de 24 horas dende o envío do correo para poñerse en contacto co departamento da xestión da bolsa. Realizadas as tres chamadas cos respectivos *sms* e, se é o caso, transcorrido o prazo de contestación do correo electrónico, poderá continuarse co chamamento ao seguinte integrante da bolsa.

O/A interesado/a encontrarase en situación de “ilocalizable” e non será chamado novamente para novas ofertas ata que se poña en contacto co departamento da xestión das bolsas actualizando ou confirmando os datos, e

pasará á situación de “dispoñible” aos quince días hábiles seguintes á data de rexistro de entrada da súa comunicación no Rexistro Xeral do Concello. Se transcorre un mes dende as chamadas telefónicas xunto co *sms* e, se é o caso, envío do correo electrónico e non se presenta xustificación ao respecto, pasará á situación de “Excluído/a”

SEXTA.- CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS PARA A INCLUSIÓN NA BOLSA DE TRABALLO (2.1b)

1.- Cando non exista unha bolsa de espera resultante dun proceso selectivo, esta se esgotara ou sexa insuficiente ou concorra algunha circunstancia que o xustifique en atención ás funcións ou tarefas para desenvolver, haberá de facerse unha convocatoria pública para a confección dunha bolsa extraordinaria.

2.- A convocatoria para a constitución de bolsas extraordinarias acordaraa o/a titular da área ou Concellería Delegada de Recursos Humanos, tras a consulta da Comisión de Seguimento regulada na base sétima.

3.- A convocatoria especificará, como mínimo, o corpo, escala ou especialidade que se convoca e os requisitos que ha de reunir os aspirantes para a súa admisión, que haberán de ser os mesmos establecidos para o acceso polo sistema de oposición ao corpo, escala ou especialidade.

4.- Os/As que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia, conforme ao modelo que figura como anexo I, xuntarán a documentación que acredite que reúnen os requisitos propios da categoría, grupo, escala ou especialidade en que solicita inscribirse.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.- O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Lugo.

6.- Criterios de valoración:

A valoración das solicitudes presentadas para a inclusión na bolsa de traballo se efectuará con base aos seguintes criterios:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

